

Sr. D. José Luis Rodríguez
Delegado Especial en Galicia da AEAT

Monforte de Lemos a 20 de marzo do 2013

Estimado Sr. Rodríguez:

O Boletín Oficial do Estado do día 16 de febreiro publica a Resolución da presidencia da AEAT pola que se modifica a resolución do 21 de setembro do 2004, que establecía a estrutura e organización territorial do citado organismo tributario.

No que respecta ás Administracións da Axencia Tributaria, entre as que se atopa a de Monforte de Lemos, a Resolución do 15 de febreiro de 2013 di textualmente “ **se garantiza un nivel adecuado en los servicios de información y asistencia que se prestan a los ciudadanos**”.

Despois de celebrar unha reunión do Consello Económico e Social na que se trataron este e outros temas, os/as integrantes deste órgano consultivo no que están representados os sectores económicos, veciñais, sociais e laborais, solicitaronme que me dirixise a vostede, como máximo responsable da Axencia tributaria en Galicia, para coñecer de primeira man como vai afectar a citada resolución ós servizos e traballadores da Administración da AEAT en Monforte.

Por este motivo, e ante a evidente preocupación existente entre os diferentes sectores do Concello que presido, solicito unha entrevista urxente con vostede.

Sen outro particular e agardando a súa resposta, reciba un cordial saúdo

Atentamente

Severino Rodríguez Díaz

Alcalde de Monforte de Lemos